



ACORDOS DA COMISIÓN BILATERAL DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA O 30 DE XULLO DE 2018 PARA A EXECUCIÓN DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021, APROBADO POLO REAL DECRETO 106/2018, DE 9 DE MARZO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

DECLARA:

Que os días 26 e 29 de outubro de 2018, asináronse os seguintes acordos de financiamento para a realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, reurbanización de espazos públicos e demais aspectos específicos das distintas Áreas de rexeneración e renovación urbana de Galicia, por parte da Comisión bilateral Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia, en execución do previsto no artigo 49 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de vivenda 2018-2021 e co acordado na Cláusula Novena do Convenio suscrito o 30 de xullo de 2018 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021:

- Barrio de Vite en Santiago de Compostela (A Coruña).
- Grupos de vivendas Compostela e cardeal Quiroga Palacios do Barrio de Pontepedriña de Santiago de Compostela (A Coruña).
- Polígono de Vista Alegre en Santiago de Compostela (A Coruña).
- Casco Histórico de Santiago de Compostela (A Coruña).
- Rianxo, Rianxiño e a Fincheira (A Coruña)
- Casco urbano histórico de Padrón (A Coruña).
- Núcleo histórico de Muros (A Coruña).
- Núcleo de Mugardos e o Seixo en Mugardos (A Coruña).
- Casco histórico de Noia (A Coruña).
- Barrio de Recimil en Ferrol (A Coruña).
- Barrio Esteiro Vello en Ferrol (A Coruña).





- Barrio da Graña en Ferrol (A Coruña).
- Barrios históricos A Magdalena e Ferrol Vello en Ferrol (A Coruña).
- Casco histórico de Corcubión (A Coruña).
- Conxunto histórico de Betanzos e a súa zona de protección en Betanzos (A Coruña).
- Cidade Vella e a Peixaría na Coruña.
- Ventorrillo-Casas de Franco na Coruña.
- Grupo de vivendas “María Pita” en Labañou (A Coruña).
- Casco histórico de Viveiro (Lugo).
- Casco antigo e zona ampliada de Vilalba (Lugo).
- Concello rural Sober (Lugo).
- Casco antigo de Sarria (Lugo).
- Núcleo de Rinlo en Ribadeo (Lugo).
- Casco Histórico de Vila de Ribadeo (Lugo).
- Núcleo urbano de Quiroga (Lugo).
- Conxunto histórico e zonas de respecto no Concello de Monforte de Lemos (Lugo).
- Casco histórico de Mondoñedo e Barrios históricos de S.Lázaro e “Os Muíños” (Lugo).
- Casco histórico de Lugo (Lugo).
- Casco antigo de Lourenzá e zonas de respecto, en Lourenzá (Lugo).
- Conxunto histórico de Xunqueira de Ambía (Ourense).
- Núcleo de Vilar de Santos (Ourense).
- Casco antigo de San Cristovo de Ribadavia (Ourense).
- Casco histórico de Ribadavia (Ourense).
- Barrios Serra de San Mamede, Cruceiro Quebrado e a Inmaculada de Ourense (Ourense).
- Polvorín, Camelias e Carballeira en Ourense (Ourense).





- Núcleo de Seixalbo en Ourense (Ourense).
- Casco histórico de Ourense (Ourense).
- Entorno do Mosteiro de S. Salvador de Celanova e do Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes en Celanova (Ourense).
- Centro histórico de Castro Caldelas (Ourense).
- Casco vello de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).
- Núcleo de Vilaxoán en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).
- Núcleo de Carril en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).
- Rúa Bueu-Moaña, Polígono Coia en Vigo (Pontevedra).
- Grupo de Casas Santa Clara. Cabral en Vigo (Pontevedra).
- Casco histórico de Bouzas en Vigo (Pontevedra).
- Casco vello de Vigo (Pontevedra).
- Casco histórico de Tui (Pontevedra).
- Núcleo de Estribela en Pontevedra.
- Conxunto histórico de Pontevedra (Pontevedra).
- Conxunto histórico-artístico de Combarro en Poio (Pontevedra).
- Casco vello e Barrio de “Banda do Río Lameira” en Marín (Pontevedra).
- Casco antigo e zona ampliada de Cangas (Pontevedra).
- Conxunto histórico de Cambados (Pontevedra).
- Núcleo de Santo Tomé en Caldas de Reis (Pontevedra).

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das pautas de colaboración e os compromisos mutuos das partes, co fin de garantir a execución do Plan estatal de vivenda 2018-2021, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a acción coordinada das dúas Administracións asinantes deste acordo.





Das devanditas actuacións do plan son obxecto do convenio, e por tanto e serán desenvoltas a través dos oito programas seguintes: Programa de axuda ao alugamento de vivenda; Programa de axuda ás persoas en situación de desafiuzamento ou lanzamento da súa vivenda habitual; Programa de fomento do parque de vivenda en alugamento; Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentación en vivendas; Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas; Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural; Programa de axuda aos mozos e Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Que o Plan estatal de vivenda 2018-2021 se aprobou polo Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

En atención ao establecido no artigo 5.1 do citado Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia asinaron o 30 de xullo de 2018, o Convenio de Colaboración para a execución do Plan estatal de vivenda 2018-2021.

Neste convenio establécense as pautas de colaboración e os compromisos mutuos que asumen as partes para garantir a execución do Plan estatal de vivenda 2018-2021.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de Contratos do Sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumentos convencionais referidos, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asíñase esta memoria mediante sinatura electrónica.

